

Deseño, empresa e sociedade: futuros posibles

Programa

- 10.00 – 10.10 h Presentación institucional.
Francisco Conde, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria.
- 10.10 – 10.15 h Presentación Publicación *Futuros posibles. Deseño para a innovación na era pos-COVID*.
David Barro, Director da Fundación DIDAC
- 10.15 – 11.00 h Intervencións / relatorios:
Alberto Barreiro. *Reformulación de estratexias para a transformación*.
Manuel Vázquez. *Deseño, negocio e novas relacións nas cidades*.
Nuria Carballo. *Deseño de novas experiencias entre as empresas e os seus clientes*.
- 11.00 – 11.30 h Debate
Futuros posibles. Deseño para a innovación na era pos-COVID.



Alberto Barreiro

Alberto Barreiro é un artista galego que usa o deseño e a consultoría para facer que a transformación das empresas e as persoas sexa irresistible, e así tentar que o mundo que deixemos sexa un pouco máis belo, máis útil e máis dotado de significado. Traballou internacionalmente como deseñador, consultor de negocio e executivo en medios de comunicación, colaborando con marcas globais e lanzando as súas propias iniciativas no campo dos medios dixitais e deseño de experiencias. Traballou con empresas de media dixital (Yahoo!), de media tradicional (ITV, Grupo Prisa), tecnolóxicas (Samsung, Telefónica) e banca (Santander). Actualmente é consultor independente, socio de Voikers, consultora líder no campo das tecnoloxías de voz, membro de Service Design Days, e colaborador de Bespoke, estudo danés especializado en *deseño de futuros*.

Alberto Barreiro é profesor de deseño de experiencias na escola danesa Kaospilot, onde contribuíu ao lanzamento de Become, o primeiro programa orientado ao deseño transformacional; é profesor de deseño estratéxico no Máster en Customer Experience en Innovación do Instituto de Empresa, na Universidade Europea e outros centros, así como columnista habitual en *El País Retina*.



David Barro

David Barro é director da Fundación DIDAC. Cunha ampla experiencia en xestión, programación e estratexia empresarial, desenvolveu a súa traxectoria fundamentalmente ligado ao universo da arte, o deseño, a edición, a sustentabilidade e a innovación, como consultor estratéxico, organizando eventos e congresos, como escritor de ensaios e textos ou como comisario de exposicións, realizando máis dun centenar de mostras en institucións nacionais e internacionais. Desde 2006 é editor da revista de arte, arquitectura e deseño *DARDOmagazine*. Foi director xerente da Fundación Luis Seoane (2014-2016), asesor da Fundación Barrié (2008-2013) e crítico de *El Cultural* (1998-2014). Como docente foi profesor da Universidade do Porto e desde 2015 é profesor do Máster en Estudos Avanzados da Universidade de Salamanca e do Máster en Xestión Cultural da Universidade Carlos III de Madrid. Actualmente escribe sobre deseño en *Experimenta* e desde 2018 colabora coa Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Xunta de Galicia no Programa de Deseño para a Innovación 2020.

Deseño, empresa e sociedade: futuros posibles



Nuria Carballo

Nuria Carballo é directora creativa, directora de arte, economista, estratega e analista de tendencias. Con experiencia internacional en varios sectores como creadora de novas ideas, conceptos e marcas audaces, comezou a súa carreira artística xunto aos seus pais, os prestixiosos publicistas Luís Carballo e Julia Taboada, cos que desenvolveu proxectos moi importantes como a revista Galicia Moda, o plan de reconversión industrial do sector téxtil en Galicia, que creou máis de 4700 postos de traballo, ou toda a promoción do Xacobeo'93. Máis tarde decidiu crear a súa propia compañía e en 2005 funda Unconventional London, unha axencia con sede en Londres, Madrid, Lisboa e Vigo, dedicada ao pensamento creativo, dirección creativa, dirección de arte, comunicación e deseño.

Manuel Vázquez é licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo e Master Fine Arts (MFA) en Central Saint Martins School of Art&Design de Londres. Actualmente, é parte do equipo de deseño estratéxico e innovación de Soulsight, desde 2015. Con anterioridade, foi socio de innovación e deseñador principal na división de innovación de Altran, docente no Instituto Europeo de Deseño (IED) e director de comunicación en Legrand España. Nos últimos 10 anos, liderou proxectos de innovación en BBVA, Mapfre, Ferrovial, Iberdrola, Roche, Nationale Nederlanden, Orange, MediaMarkt e Repsol, entre outros.

Manuel Vázquez ten tamén unha importante traxectoria como artista contemporáneo. Na actualidade, compaxina a súa actividade artística e o traballo en Soulsight coa investigación e a integración dos procesos creativos da arte, o deseño e o negocio.



Manuel Vázquez